



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 6/2016

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA TRINTA E UN DE MAIO DE DOUS MIL DEZASEIS.

En Ordes, a trinta e un de maio de dous mil dezaseis.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- ANA M<sup>a</sup> SONEIRA LIÑARES
- BEATRIZ MARTÍNEZ CANDAL
- LUIS CAAMAÑO FRAGA
- JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ
- JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- MANUEL REGOS BOQUETE
- SILVIA MARÍN PEREIRO
- JOSÉ RAMÓN VÁZQUEZ RAÑA
- ROBERTO JESÚS GONZÁLEZ SANTOS
- JOSÉ LUÍS GÓMEZ CANDAL
- LUCÍA IGLESIAS MIRÁS
- PABLO VIDAL RÍOS
- PAULA CASTENDA BLANCO
- GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- VERÓNICA GÓMEZ FUENTES

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás vinte horas, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

#### **PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 26/04/2016.**

Polo Sr. Alcalde procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria de data 26/04/2016, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

A acta da sesión ordinaria, de data 26 de abril de 2.016, resultou aprobada, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor, coa abstención do Sr. González Santos, sendo dezasete o número legal de membros desta Corporación.

### **PUNTO SEGUNDO: INFORMES DA ALCALDÍA.**

Polo Sr. Alcalde infórmase das seguintes actuacións municipais:

- O pasado día 27 de maio recibíuse a autorización da Dirección Xeral de Patrimonio para a realización das obras da ponte de Pereira, que obriga a facer unha separación respecto da ponte medieval de 2,00 m. O proxecto técnico coas autorizacións xa foi remitido á Consellería do Medio Rural que vai a iniciar a contratación polo procedemento de urxencia no mes de xuño, que vai a acometer integramente a totalidade das obras que se se achegan case a noventa mil euros. Espera que no mes de xullo poida estar aberta ao tráfico.
- Contestación de requirimento a Augas de Galicia para a legalización das obras executadas no paseo Ramiro Recouso a raíz dunha denuncia que ven do 27/11/2014. Espera poder legalizar todas as actuacións executadas segundo a memoria realizada polos técnicos municipais.
- 13/05/2016, solicitude de axuda á Deputación Provincial para a ponte do río Buxán en Vilamaior para a financiación da execución das obras. No seu día había un compromiso coa Fegamp para que as Consellerías de Medio Ambiente e do Medio Rural e a Deputación asumisen obras dos danos polo temporal. Nada se soubo da Deputación. A Consellería do Medio Rural ven de cumprir a súa parte coa execución da obra da ponte de Pereira. Agarda poder obter unha subvención para a execución tamén destas obras.
- Remisión con data 28/04/2016 á Deputación Provincial a solicitude de execución da senda peonil do Balado á Estación co proxecto que debateu no pleno. Agarda que esta senda se teña en consideración no plan de sendas peonís a Deputación Provincial.
- Remisión con data 20/05/2016 ao Servizo de Deportes da Secretaría Xeral para o Deporte a solicitude de axuda por importe de 50.000,00 euros para a mellora das instalacións deportivas de Vista Alegre. Agarda tamén que lle poidan conceder esta axuda. Seguen a espera da comprometida actuación da Deputación Provincial que a día de hoxe aínda non chegou.

Os Srs. Conselleiros danse por decatados.

### **PUNTO TERCEIRO: DENOMINACIÓN DE RÚA NO NÚCLEO URBANO DE MESÓN DO VENTO.**

Vista a proposta de Alcaldía que se transcribe a continuación:

“No núcleo urbano de Mesón do Vento existen dúas rúas coa denominación de rúa Roberto Forján.

Por petición da veciñanza e ao obxecto de proceder á corrección desta duplicidade na denominación destas rúas é necesario dar un novo nome a unha delas.



## **CONCELLO DE ORDES**

---

### **(A CORUÑA)**

**FOLLA Nº 3**

Por todo elo proponho ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

O tramo de rúa que segundo o plano adxunto que no núcleo urbano de Mesón do Vento se denomina rúa Roberto Forján, pasará a denominarse rúa Sacristán Francisco”.

Visto o ditame favorable da Comisión de Asuntos Xerais do Pleno.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezasete votos a favor (7 grupo político PP, 6 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

O tramo de rúa que no núcleo urbano de Mesón do Vento se denomina rúa Roberto Forján, pasará a denominarse rúa Sacristán Francisco.

#### **PUNTO CUARTO: AUTORIZACIÓN, SE PROCEDE, CAMBIO DE USO DE ESPAZOS NO CEIP CAMPOMAIOR.**

Vista a proposta de Alcaldía que se transcribe a continuación:

“Pola Dirección do CEIP Campomaior solicitouse da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o cambio de uso de espazos no CEIP Campomaior do local habilitado no seu día como vivenda do conserxe para o seu emprego como aula de psicomotricidade para educación infantil

Este espazo na actualidade estase a usar como aulas de reforzo, aula inclusiva, apoio especializado de audición e linguaxe e para valores cívicos.

Con data 18/05/2016 polo Xefe Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, solicitouse do Concello de Ordes autorización para este cambio de uso.

Visto que a vivenda do conserxe no CEIP Campomaior é un ben de titularidade do Concello de Ordes.

Por todo elo proponho ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Autorizar o cambio de uso de espazos no CEIP Campomaior do local habilitado no seu día como vivenda do conserxe para o seu emprego como aula de psicomotricidade para educación infantil”.

Visto o ditame favorable da Comisión de Asuntos Xerais do Pleno.



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezasete votos a favor (7 grupo político PP, 6 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Autorizar o cambio de uso de espazos no CEIP Campomaioir do local habilitado no seu día como vivenda do conserxe para o seu emprego como aula de psicomotricidade para educación infantil.

#### **PUNTO QUINTO: APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, ORZAMENTO MUNICIPAL, EJERCICIO 2.016.**

Expediente tramitado para a aprobación do Orzamento Municipal, formado para o exercicio de 2.016 polo Sr. Alcalde-Presidente, cos documentos que preceptúan os arts. 165, 166 e 168 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e concordantes do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e cumprimento do establecido no art 193.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o orzamento municipal para o exercicio 2016 preséntase nivelado en ingresos e gastos, dando cumprimento ao disposto no art. 165 TRLFL no senso de que debe aprobarse sen déficit inicial. Ascende á contía de 9.679.069 € tanto en ingresos como en gastos. Supoñen un incremento do 5,85 % respecto aos do exercicio 2015. Para a súa elaboración tomáronse en consideración os ingresos que se agardan ter no exercicio, estimándose estes de xeito prudente en funcións das previsións agardadas e da experiencia derivada das liquidacións de exercicios anteriores. Estimáronse segundo o criterio de caixa, do que realmente se estima que vai a recadarse. No informe técnico económico explícase claramente de donde procede cada unha das estimacións. A estimación do IBI é inferior á do exercicio anterior debido á baixada do tipo impositivo de rústica e urbana, o ICIO que diminúe considerablemente polo feito de que o sector aínda esta en crise e pola suspensión de licenzas derivadas da aprobación inicial do PXOM. Incrementáronse de xeito significativo as subvencións de capital debido á previsión de aportacións de outras administracións. Coñecidos os ingresos pasouse a facer a estimación de gastos, en primeiro lugar gastos de persoal municipal e os gastos da derivados da contratación de servizos municipais, recollida de r.s.u., enerxía eléctrica, ...etc. Debido á imposición do art. 135 CE dotouse o crédito necesario para atender ás obrigas de natureza financeira. O concello achega 450.000 euros de fondos propios para o financiamento de investimentos. No anexo de investimentos enuméranse os accesos ao IES Maruxa Maio, acondicionamento do entorno do local social de Poulo, acceso ao igrexario e local social de Pereira, saneamento en Lavandeira de Abaixo e depuradora, aparcamento do Tanatorio, ampliación do pavillón Campomaioir. Os investimentos previstos ascenden a 1.740.995 euros, 19,34% do total dos orzamentos. Caracterízanse polo mantemento dos servizos esenciais con especial atención aos colectivos máis desfavorecidos. Sendo a liña fundamental dos mesmos o saneamento das contas municipais mediante a contención do gasto público, sustentabilidade dos servizos municipais fundamentais, mantemento dos créditos ás políticas sociais, de emprego e fomento económico, así como os investimentos produtivos. Incrementáronse as partidas destinadas a políticas sociais, as destinadas a gastos sociais, culturais, educativos e deportivos. As actuacións de protección social, promoción social e fomento do emprego incrementáronse nun 13,23 %. A produción de bens públicos de carácter preferente, educación, cultura e deporte incrementáronse nun 27,02 %. Isto conséguese mediante un maior



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

control do gasto nos servizos de carácter xeral cunha diminución dos custes dos órganos de goberno. A achega á Mancomunidade para servizos sociais increméntase nun 28,60 %. Inclúense créditos suficientes no capítulo II para posibles recoñecementos extraxudiciais de créditos. Os orzamentos cumpren co disposto na lei orgánica de estabilidade financeira, presentan capacidade de financiamento estimada en 1.031.455,18 euros, cumpren coa regra de gasto e cumpren co límite de débeda. Estes son os orzamentos que se someten a aprobación inicial da Corporación.

Visto o disposto nos arts. 168 e 169 do R.D.Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Vistos o informe emitido pola Intervención e o ditame da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal, ambos en sentido favorable.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que manifesta a súa sorpresa por que estes orzamentos se traian hoxe aquí. É certo que se lles remitiu toda a documentación para a súa aprobación o 16 de maio e se lles informaba de que terían todos os grupos unha reunión previa á comisión para avalialos. Esa reunión non chegou a celebrarse. Esperaba que o pasado venres na comisión informativa se lles explicasen as liñas xerais dos orzamentos e se os emprazaría a un período de reflexión para reformular as súas propostas, que dende o PSOE presentaron o pasado 15 de outubro de 2015 e deste xeito chegar a unha aprobación inicial deste orzamento consensuado. Sen embargo o venres se lles informou que se someterían hoxe a aprobación. Analizados ás presas e de forma exhaustiva. Son unhas das decisións máis importantes, marcan as liñas mestras, as prioridades políticas do goberno ao establecer onde, como e canto se gasta. Os orzamentos do ano pasado ascendían a unha contía de 8,5 millóns de euros, este ano ascenden a 9 millóns de euros, un 6% máis. Avaliando os orzamentos deste ano e os do ano pasados, avaliados os ingresos que chegan ao concello por parte da Deputación, o ano pasado 743 mil euros, entre o POS e o PAI, este ano entre o POS, PAI, PAS e convenio pavillón Campomaioir van a recibirse un millón catrocentos mil euros, un incremento do 48,8 %, iso sen ter en conta o PMA ou plans de emprego que se van a aprobar. Entre as súas propostas consideraban unha prioridade os servizos sociais, hai un pequeno incremento de 49 mil euros a 58 mil euros. É certo que os concellos como administración máis próxima aos veciños como consecuencia dos recortes que padecemos polo Estado e Xunta de Galicia. Outro pilar fundamental era dotar os orzamentos para dar un pulo á economía local e tecido empresarial. Propoñían manter a campaña de promoción do comercio local, a economía de Ordes vive do comercio, das pemes. A partida de comercio, turismo e pemes redúcese nun 33% que se dixo que era debido a non existencia este ano da subvención para os taxímetros. Esta partida debería ser intocable. Hai que fomentar o comercio, a principal fonte de ingresos do concello. Pedían unha partida ampla para a financiación de obras de abastecemento e saneamento nas parroquias, inclúese o saneamento en Lavandeira de Abaixo á depuradora en Poulo e abastecemento de auga en Queis. Increméntase a partida para deportes como pediron nunha moción fai uns meses. A partida de medio ambiente se diminúe un 25%, vai a vir un PMA da Deputación Provincial pero esta partida debe manterse por que son necesarias campañas de concienciación do reciclaxe, limpeza de ríos, limpeza de cunetas das pistas de concentración parcelaria. O debate dos orzamentos non foi posible. Estes son os puntos máis salientables.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que como di o Interventor no seu informe o prazo de presentación dos orzamentos é antes do 15 de outubro. Este é un incumprimento reiterado no Concello de Ordes ao longo dos anos pasados. Hoxe deberíamos estar a falar dos orzamentos do ano que ven. Este é un orzamento continuista que segue coa mesma filosofía e sen corrixir os desfases. Puntos positivo temos a selección dun novo policía local, que é insuficiente para as demandas do corpo da policía local, un oficial primeira para a brigada de obras, un técnico deportivo, subvencións para asociacións deportivas, para deportistas destacados. Pero seguemos sen solucionar servizos deficitarios, a ORA cuns ingresos de 35 mil euros e uns gastos e 56 mil euros, sempre apostaron por unha ORA azul gratuíta, como se esta aplicar noutras vilas de Galicia, sen xerar tantas perdas. O tema do Museo do Traxe segue sendo recorrente cuns gastos previstos de 47 mil euros, seis mil euros máis que no 2015. Radio Ordes 41 mil euros, é un servizo que vai a ser deficitario, algo haberá que facer con ela, dotala de vida, a maior parte do tempo emite dende a Radio Galega, ten que ser unha radio cun maior pluralismo, que haxa debates contando coas opinións dos grupos da oposición. Dende o ano 2013 non se lles fai ningunha entrevista, nunca asistiron á radio. Hai que abrilas á xente. O consello da radio esta sen convocar. Na recadación dos tributos municipais hai un gasto de 160 mil euros pola prestación deste servizo por outra administración. Hai que municipalizar este servizo, prestalo directamente polo concello como se viña facendo antigamente, con dúas ou tres persoas xerárianse novos empregos, reduciríanse os gastos. Deberíase municipalizar tamén o servizo de limpeza, conserxería e mantemento de pavillóns. Prestando directamente este servizo afórrase o beneficio industrial das empresas. Abaratar estes servizos permitiría dotas outras partidas. Hai que ser valentes, como foi asumir as rozas con tractores municipais, que levou a redución da partida de medio ambiente en 36 mil euros. A adxudicación do contrato de mantemento de instalacións eléctricas vai a reducir en 18 mil euros o custe do servizo. A adxudicación do contrato de xestión do punto limpo tamén vai a reducir os gastos pola prestación destes servizos. O BNG leva moito tempo reclamando a celebración de procedementos abertos para garantir a igualdade de oportunidades e o abaratamento dos servizos. Danse tímidos pasos. Mantéñense os pufos sinalados anteriormente.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que o orzamento municipal é un documento no que se plasman as decisións do máximo órgano representativo, que aínda que ten unhas limitacións, tamén deixa unha marxe de decisión ao equipo de goberno en cada momento, que ten que equilibrar as necesidades e os intereses dos veciños e ten que facer cadrar os números. É unha previsión de ingresos e gastos e constitúe un documento básico de planificación económica. Vai a comezar o análise dos orzamentos como facía o Sr. Alcalde cando lles falaba das conclusións que facía o interventor no seu informe. Como sempre lles falaba da nivelación das operacións de capital no referente aos investimentos previstos, que o interventor declaraba no dispoñibles e no executables e que para o Alcalde era un aspecto básico para votar ano tras ano en contra dos seus orzamentos, por que como di o interventor: ata que se teña o financiamento das mesmas resolto, establecendo que a execución dos investimentos estará condicionada ao ingreso do seu importe ou cando menos se reciba comunicación oficial do compromiso firme de achega do investimento. O alcalde dicía que non se podía gastar ata non ter resolta a achega económica. O interventor neste orzamento engade: ao longo do exercicio recoméndase comprobar periódicamente o cumprimento da regra de gasto por que se cumpre basicamente pola porcentaxe de non execución. Quere isto dicir, que si cumprimos a regra de gasto non podemos cumprir orzamento, para cumprir o orzamento temos que incumprir a regra de gasto. Como dicía o Alcalde, a regra de gasto está pillada polos pelos. Votar uns orzamentos que xa sabemos que non se poden executar. Que é dese plan integral de todas as estradas de titularidade municipal, onde está, que mencionaba unha e outra vez. Mirou os





## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

orzamentos, os revisou, non esta, é necesario tal e como están as nosas estradas. Onde están esas medidas de contención e aforro de gasto que reiteraba e que aprobou aquí nunha moción que trouxo CideGa e que non inclúe aquí. Nos esta a enganar. Estes son os seus orzamentos, os fixo vostede. E ano tras ano reclamaba estas medidas que agora non vemos. Pola contra en canto á contención do gasto público os gastos correntes se incrementan nun 1,65 %, os de persoal nun 5,57 %. Vostede dicía que ano tras ano o gasto corrente lévase a palma, o que fai que diminúa a capacidade de inversión propia. Se falamos de investimentos con fondos propios que vostede dicía que os nosos eran mínimos, vostede os reduce porcentualmente nun 10%. Os seus investimentos o ano pasado eran 400 mil sobre un millón cen mil, o que supón un 36%, os de vostede 450 mil sobre un millón setecentos, o que supón un 26%. Menuda coherencia, onde esta o esforzo que di que fai na memoria con esta redución. Onde están as razóns polas que vostede estaba en contra dos nosos orzamentos. Ven unha redución do 25 % en medio ambiente por que van a empregar tractores municipais, non sabe onde están, por que todas as pistas da maior parte das parroquias están sen desbrozar. Hai unha redución en comercio, en pemes, sobre todo nestes momentos que estamos a pasar, dun 33 %. En educación aumenta un 7%, que é pequena. Aumentan en servizos sociais, incrementan en emerxencia social, non en partidas de diversidade funcional non ve ningún incremento. Deben ser as diferentes formas de gobernar. As transferencias de capital no 2015 foron 729 mil euros, agora incrementáronse nun 58%, ese é o talante que tiña e que ten agora a Deputación Provincial, que esta axudando ao noso concello, debe ser por que mudou esa cor política. Gustaríalle ver esas medidas que sempre pediu o Sr. alcalde.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que a verdade que hai algún aspecto positivo, deportes, contratación de persoal. Vostede dicía o ano pasado que o gasto corrente era o que supoñía unha maior carga con respecto ao gasto o que demostraba que non había intención algunha de tomar medidas de contención nos servizos deficitarios municipais. Este ano esa partida aumenta nun 1,65 %. Non teñen nada en contra, era o que vostede aseveraba. En canto á débeda o ano a pasado destinouse un 75% do PAI para amortizar débeda, cando este ano se destina un 60,8 %. En todos os plenos pedía unha redución da débeda, que tiña que ser unha prioridade. En canto a investimentos reais, aumentan nun 52%, ten que recoñecer que é pola aportación de fondos da Deputación Provincial. Como puntos negativos o apoio ao comercio local, en Ordes temos máis de mil persoas desempregadas, a economía local susténtase no comercio e pemes. Isto ten que ser unha prioridade. No pleno do ano pasado falaba dun plan integral de limpeza de estradas, un plan de desbroce que permitise acometer con garantías a limpeza da totalidade da rede viaria municipal, esta partida tamén tería que manterse. Por todo isto non poden apoiar uns orzamentos que non van a investir no comercio local, pemes, nin tampouco en medio ambiente, aínda que teñen aspectos positivos. Non se lles deu a opción de consensuar, nin chegar a un debate para poder encaixar as súas propostas.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que analizando os orzamentos non se aproveitan os recursos dos que dispoñemos, non se saca a concesión da cafetería do Centro Comarcal, hai moita xente interesada na súa xestión, daríalle vida a aquela zona e xeraría ingresos para as arcas do concello. Esquécese do viveiro de empresas. Fomentar o emprego non é so dotar de partida orzamentaria para facer dous obradoiros, que esta por ver se



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

van a ser concedidos. Hai as instalacións e os medios para apostar polo fomento do emprego. Non debe interesar. É lamentable ver como se reduce o aluguer polo baixo ocupado pola Garda Civil. Ata o ano 2015 recadábanse 36 mil euros/ano, agora se reduce á metade. O concello de Ordes é un mecenas do Ministerio do Interior, ese baixo comprouse para as instalacións da policía local, investiuse máis de 400 mil euros. O que había era que tratar de que se construíse ese cuartel do que se leva a falar moitos anos. Non teñen nada en contra da Garda Civil, pero os cartos dos veciños non son para pagar este servizo, nin para pagar 750 euros de pinchos o día do Pilar. Mentres temos á policía local nun soto, sen cumprir medidas de salubridade, de ventilación e iluminación natural, vestiarios improvisados e dependencias cheas de humidade. Esquécese do concello vello, vemos como esta a escarapolar a pintura, síntoma a boa calidade os materiais. Haberá que legalizar as actuacións feitas alí. Dotar o orzamento de partidas para votar a andar o que hai, recolocando a policía local neste edificio para que teñan un posto de traballo máis saudable. Liberar o novo concello para a súa ocupación por asociacións, suprimindo gastos en alugueres, pasando actividades a esta zona. En comercio había orzamentados 114 mil euros, pasamos a 74 mil, unha redución do 33%. Este sector do comercio non está na mellor situación, hai que facer campañas de apoio para darlle un pulo. Esquécense de todo isto, por iso van a votar en contra dos orzamentos.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que vota en falta un aumento en partidas importantes, axuda ao comercio, a nivel educativo, que fose máis ambicioso, sobre todo neste momento. Tamén en medio ambiente. Axudas a persoas con diversidade funcional, que se vexan materializadas doutra maneira. Recorda que vostede sempre falaba de orzamentos ambiciosos, en todas as súas intervencións sobre os orzamentos, pero que ata realidade a economía local hai un mundo. Agora si que podería utilizar esa verba, por que a ambición neste orzamento que hoxe se presenta aquí esta moi lonxe da realidade local, desa. Unha vez máis volven a incluírse esas observacións que criticaba. Falaba de que as nosas palabras no valían para nada, que o termo compromiso era algo baleiro de contido para os mandatarios do concello por que non tiñamos capacidade de investimento con fondos propios, que vostede agora ven de reducir. Ese gasto corrente que ven de aumentar. É necesario aunar esforzos entre todos para sacar este concello adiante. Este concello que vostede vía tan mal, no que vía que había un síntoma inequívoco de que existe pouca capacidade para definir os proxectos e necesidades do noso municipio. Iso vemos aquí, vemos que non existe capacidade para ver que necesidades temos e que necesidades vamos a plasmar nestes orzamentos que vostede hoxe nos presenta hoxe aquí. Estes son uns orzamentos axustados á regra de gasto, sen planificación, sen capacidade e sen falta de negociación. Isto é o que vostede nos dicía a nos, eu no llo diría a todos vostedes membros do goberno, si llo diría a vostede. así non poden votar positivamente estes orzamentos.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que teñen os orzamentos dende o 16 de maio, non houbo un momento para poder reunirse con vostedes, é complicado nestas datas. Admite que son sete de dezasete. Os orzamentos están aí, os datos son os que son, o concello está mal por que o deixaron así vostedes, non por que o xeramos nos. No é o mesmo concello o que vostedes herdaron no 2007 que o que herdamos nos no ano 2015. Vostedes saben que deso teñen culpa vostedes e o PSOE. A estrada de Mercuín vai a facerse, iso é capacidade negociadora. O alugueiro da estación da Pontraga reduciuse, iso é capacidade negociadora. Respectou o acordo anterior coa Dirección Xeral da Garda Civil para o aluguer do baixo da Garda Civil por que o técnico municipal así llo informou. Se so plantexa a selección dun policía local é por que o técnico lle informa que é o único que pode, a situación municipal non llo permite, xa conseguíu que se puidese selección un oficial de primeira, previa xustificación da súa necesidade. A





## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

subvención do técnico deportivo non se conseguiu ata hoxe. Aquí están moitos dos compromisos dos que se faláron nos plenos, subvencións para asociacións deportivas, deportistas. A voceira do PSOE so conta as cifras que lle interesa, esquece que o Plan DTC tamén o financiaba a Deputación Provincial, hai que engadilo a eses 740 mil euros, e por moito que lle doía a subvención para a ampliación do pavillón Campoamior conseguíuna o PP a través de Diego Calvo antes de irse da Deputación Provincial. Vostedes estiveron a favor despois e votaron a favor. A senda peonil foi un compromiso que conseguiu a miña compañeira, agora. Vai haber campañas para o comercio local cos orzamentos aprobados ou prorrogados. A non existencia este ano da subvención para os taxímetros e o que fai baixar esa partida, non se perden cartos. Falou de obras que non aprobou, so se abstivo en moitas de elas. Pregunta que pasou co reparto de subvencións que acaba de facer a Deputación Provincial de infraestruturas para o deporte, por que Mesía leva 10 mil euros e Ordes so catro mil, Oroso 12 mil, Toques 10 mil, As Pontes 12 mil, Carballo 14 mil. Esa non é a filosofía, Frades, Ordes, Tordoia, Trazo, todos menos de catro mil euros. Esa é a política do PSOE na Deputación. Claro que baixa a partida para desbroces, en anos anteriores o desbroce se contrataba a 190 €/qm, en poucas semanas verá como este goberno coas súas xestións consegue contratar o desbroce que non pode asumir con medios propios e o aforro que vai a supor con esa actuación. Estamos na época na que se debe de facer para que dure o máis posible. Vostedes a empezaban en xullo e eu lles insistía que había que empezar en xuño. No BNG falan de orzamentos continuistas, pero hai modificacións, incorporación de persoal, axudas a deportistas, hai un montón de cousas que se está tratando de mellorar. A ORA non é deficitaria, veña un día e fale co interventor. Unha cousa é como se analizan as partidas tal e como están nos orzamentos e outra é a execución. Á partida de radio ordes están adscritas dúas persoas, o xerente da radio e o gabinete de prensa. Convocarase o consello da emisora. As melloras supoñen moitos cartos. No seu día tratouse de ampliar a súa sinal de onda e non se puido. A recadación dos tributos cunha xestión propia é totalmente insostible, municipalizala sería un erro para nos e para calquera, non ten ningún tipo de dúbida. Di que con esta municipalización e outros servizos habería un aforro importante. Pero cubre ese aforro as vacacións desa xente. Non é tanta a ganancia que se nos quere facer ver. As rozas son importantes, vanse a facer, o tractor estivo parado un mes. A voceira de Uxo fala de ambición, pensa que este concello debe medrar, están comprometidos cun futuro mellor do que eles lle deixaron. 2013, 2014 e 2015, os pozos de auga onde están, ían todos os anos comprometidos co PSOE, estaban todos os anos e nunca se chegaron a facer. O plan integral vai a estar aí. Teñen un compromiso coa Consellería do Medio Rural para que se rematen os procesos de concentración parcelaria, para poder facer ese plan integral é necesario que se faga a toma de posesión, senón o que estamos a facer é a tirar cos cartos. Ese compromiso de que se rematen todas este ano vai a ser efectivo, xa no mes de xullo. No plan de camiños en Ordes van a investirse máis de 600 mil euros nese plan de mantemento integral de estradas e o vai a financiar a Consellería do Medio Rural e van a tratar de por a inmensa maioría destes camiños en orde e van intentar completar os desbroces da rede en parte con fondos propios e en parte con fondos da administración autonómica como pode ser en Ardemil que leva abandonada máis de oito anos. Estiveron traballando para conseguir eses cartos que non é necesario poñer nos orzamentos. Hai un compromiso de que se van obter eses fondos doutra administración. Van a quedar cousas por facer por que non vamos a poder chegar a todos os lados, son 1.600 qm. Medidas de aforro están aí. A previsión orzamentaria de fondos propios no 2015 400 mil euros. Sabe canto gastaron o ano pasado de fondos propios en seis meses máis de 800 mil euros. Herdaron o tres de xullo un 95% das partidas de investimento en negativo ou con saldo cero e aínda así aguataron o ano, con esa mesma situación comprométese a aguantar exactamente igual este ano.



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

Polo Sr. Alcalde ábrese unha terceira quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que neste caso o Sr. Alcalde coa oposición non tivo capacidade de negociación.

Intervén o Sr. Alcalde, que pregunta se a Sra. Gómez Fuentes foi chamada a unha reunión, diga so iso.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, que sinala que si, sempre manifestou a súa dispoñibilidade para asistir. Afirmou que parte da situación que herdou foi culpa do PSOE. Como voceira do PSOE non lle vai a permitir que faga esa afirmación por que vostede sabe que cando estiveron no goberno como na oposición e tamén llo manifestaron no ano que levan aquí, non pararon de facer propostas, de ter iniciativas e de defender sempre os intereses dos veciños, isto non o debería de negar. Falou de que a subvención para o Campoamior, para a senda peonil xa estaban comprometidas, so tivo que chegar a nova Deputación para darlle luz verde. Que pasou entón coa titularidade da estrada de Mercurín cando solicitaron numerosas veces a Xunta de Galicia, incluso cunha proposición non de lei o cambio de titularidade e chegou a facerse agora.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala sen dotación orzamentaria, sen as partes dos compromisos de execución por parte do concello de Ordes, sen unha proposta real de permuta. Esas propostas saíron deles, non de vostedes, nin deles.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, que sinala que os méritos son sempre de vostedes e todo o que fixemos dende a oposición non serviu para nada. En canto a Deputación non se debería atrever a dicir o que dixo. Tería que estar moi agradecido por todos os plans, por todos os fondos que están chegando, e non para de criticar de forma continua a xestión desta Deputación. parécelle realmente increíble.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que unicamente lle dixo que lle aclarase onde están as diferencias no reparto das subvencións.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, que sinala que cando lle aclare onde están os criterios nos anos anteriores no reparto do POS.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non houbo diferencias no reparto do POS dos anos anteriores.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, que sinala que todos temos que estar agradecidos á Deputación. É beneficioso para todos os veciños.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o que non pode dicir é que o reparto das subvencións é equitativo para todos os concellos, tanto culturais, como deportivas, como de infraestruturas. Podemos coller as de calquera anos e comparamos, están aí os datos para ver.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que o Sr. Diego Calvo o que veu é en campaña electoral a facer un acto electoral e anunciou que se ían a investir alí uns cartos, quen realmente quen dotou desa partida orzamentaria para investir aquí 150 mil euros foi a Deputación do BNG co PSOE.



## CONCELLO DE ORDES

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que gracias ao remanente do exercicio anterior. De quen recibe esa chamada é de que hai un compromiso con dous concellos para que parte dese remanente se invista, e el consegue gracias a compañeira Sra. García Gómez, presentar na primeira semana anterior a que faga a visita a Ordes o Presidente da Deputación. Nese momento o Sr. Diego Calvo xa había conquistado ese compromiso antes de irse para o reparto dese remanente entre varios concellos. Non foi nin o seu grupo, nin o do PSOE para que eses 150 mil euros dos que dispoñía o grupo do PP viñesen para Ordes.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que recorda a visita do Presidente da Deputación e presentarlle vostede o proxecto do pavillón. Quen dotou o remanente foi a actual Deputación, quen decide a súa aplicación é o actual goberno. Aclárese en canto aos desbroces, nos orzamentos de di que se reduce a partida, que se asume cos tractores municipais e agora nos anuncia que vai a contratar.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é parte da rede viaria por que non a damos acometido en tres meses, o resto vai a facela o tractor municipal.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que lles gustaría que deberían telo sacado mediante procedemento aberto a principios do ano, supón que terían unha previsión de que non son suficientes os medios. A xestión da recadación municipal pola Deputación en realidade é para facer crerlle á xente de que eses impostos non veñen da actividade municipal. Os concellos antes asumían esa xestión e seguramente que se ía a reducir o gasto. Eles non puideron asistir á reunión, teñen os seus traballos, non teñen dedicación exclusiva como o alcalde. Se se comunicase con máis tempo poderían ter encontrado un día para reunirse todos os grupos.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que sempre tiveron dispoñibilidade para reunirse, agradece que se os chamase.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dez votos en contra (6 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sete votos a favor (grupo político PP), sendo dezasete o número legal dos seus membros, rexeitouse a aprobación inicial do orzamento municipal, exercicio 2.016.

#### **PUNTO SEXTO: SORTEO MEMBROS MESAS ELECTORAIS ELECCIÓNS XERAIS, 26 DE XUÑO DE 2016.**

Polo Sr. Alcalde-Presidente dáse conta da obriga de dar cumprimento ó disposto no art. 26.1 e 4 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral en relación coas Eleccións Xerais 2.015, a celebrar o día 26 de xuño do ano en curso, convocadas mediante Real Decreto 184/2016, de 3 de maio (BOE nº 107 de data 03/05/2016).

Seguidamente polo Pleno do Concello procédese, mediante o emprego de medios informáticos, ao sorteo público das dezaioito mesas electorais correspondentes aos distritos e seccións dos que consta o Municipio de Ordes, formándose as Mesas que se indican, coas persoas que se expresan e para os cargos que se apuntan que figuran anexos a esta acta.



## CONCELLO DE ORDES

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

#### **PUNTO SÉTIMO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.**

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 26 de abril de 2016, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Pleno Corporativo Municipal dáse por decatado.

#### **PUNTO OITAVO: MOCIÓNS.**

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Polos grupos políticos preséntanse as mocións seguintes.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que a primeira moción que presenta é para solicitar unha ampliación do prazo de exposición ao público do PXOM, aprobado inicialmente polo pleno do Concello en sesión extraordinaria de data 16 de marzo de 2016.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que ten que ter en conta o informe de Secretaría que se lle fixo chegar esta mañá, non procede a mesma, pídelles que retire a mesma e non proceder ao debate.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, que sinala que en vista do informe que lles chegou esta mañá e como non podería ser de outro xeito. Moi a pesar das persoas que lles transmitiron a súa inqueda polo curto dos prazos de alegacións, van a retirar esta moción. Houbéralles gustado poder ter presentado esta moción antes. Esta semana foi cando lle chegaron as peticións dos veciños cando o goberno empezou a facer as reunións do equipo redactor en distintos puntos do concello. Foi entón cando recibiron as peticións dos veciños para esta ampliación, que podería ser como máximo de un mes. Aínda que non é posible si que lles houbese gustado que esta iniciativa se houbese levada a cabo por parte do goberno.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo mixto-PSdeG-PSOE, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“No Concello de Ordes, en pleno casco urbano temos dúas rúas que son de titularidade provincial. Estas rúas son un tramo da Rúa do Recreo que coincide coa estrada DP-5903



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 13

(Ordes-Portomouro por Pontechonia) - foto 1- e un tramo da Rúa Rosalía de Castro, pertencente á estrada DP-3802 (Ordes-Pontecarreira) - foto 2-. Como tamén en Poulo o tramo que vai dende a ponte do Río Cabrón cara a Calle e dende a Calle ata a estrada DP-3802 (Ordes-Pontecarreira), pola Fonte da Merced -foto 3-.

Na actualidade, estas estradas atópanse nun bo estado de conservación polo que dende a Agrupación Socialista de Ordes consideramos que deberían pasar a pleno dominio municipal o cal xeraría moitas vantaxes xa que permitiría racionalizar e actualizar a titularidade dos viais que conforman o rueiro da vila e o máis importante é que permitiría simplificar e axilizar os trámites administrativos á hora de efectuar calquera intervención nestas rúas, tanto por parte dos veciños e veciñas coma da propia entidade local.

Polo que, en condición de Voceira Municipal do PSdG-PSOE no Concello de Ordes somete á consideración do Pleno esta moción, para que este adopte o seguinte acordo de resolución:

Instar ó Concello de Ordes a que solicite á Deputación Provincial da Coruña que pasen a ser de titularidade municipal os seguintes tramos de rúas:

- O tramo da rúa do Recreo ata a intersección da rúa Coruña coa rúa do Campo de Fútbol Vista Alegre, que coincide coa estrada DP-5903 (Ordes-Portomouro por Pontechonia).
- O tramo da rúa Rosalía de Castro, pertencente á estrada DP-3802 (Ordes-Pontecarreira).
- O tramo dende a ponte do Río Cabrón cara a Calle (Poulo) e dende a Calle (Poulo) ata a estrada DP-3802 (Ordes-Pontecarreira), pola Fonte da Merced.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezasete votos a favor (7 grupo político PP, 6 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Castenda Blanco, en representación do grupo político BNG, que sinala que para eles a aceptación desta moción suporía un incremento do gasto debido ao mantemento destas vías que pasarían a ser asumidas na súa totalidade polo concello de Ordes. En canto a axilidade na tramitación, dende o ano 2013 coa entrada en vigor da nova Lei de estrada de Galicia e como di no seu art. 47.2, en tramos urbano e de núcleo rural non é necesario que o titular das obras solicite autorización ao organismo titular da vía senón que solicita no concello e este é o que solicita a autorización ao organismo titular da vía. Con esta tramitación o que aforrarián sería un mes ou mes e medio. Por este aforro de tempo compensa que o concello asuma o mantemento destas vías, sen ningunha compensación, non o ven viable. A única vantaxe que ven e poder establecer na rúa do Recreo unha limitación á circulación para vehículos de 5,5 Tm dado que é a única vía que conecta coa autoestrada de Carballo e Portomouro non saben se podería ser viable ou non, queren facerlle esa pregunta ao Sr. Secretario.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 14

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que se a vía é de titularidade municipal as limitacións as establece o concello, outra cousa e que por cuestións de circulación sexa convinte facelo, iso llo tería que informar a policía local. Isto é o mesmo que se fixo na estrada de Mercurín, para evitar a circulación dos camións tamén se estableceu unha limitación. Neste caso tería que facer un estudo a policía local que xustifique que é necesario impor esa limitación.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que isto xa se tratou no seu día. Hai que ter en conta as vías de interese supramunicipal. No seu día quedoulles claro que a rúa do Recreo é considerada de interese supramunicipal por que non hai unha vía alternativa ao entronque no empalme coa AC410 coa CP5903. Ese cambio sería totalmente inviable. Os técnicos da Deputación no seu día informaron que esa era a realidade deste tramo urbano.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que queren plantexar unha emenda de aceptar que esas rúas pasen a ser de titularidade municipal a cambio dunha contraprestación. Temos a estrada que vai dende Vilamaior, Barbeiros, Olas, Mesía ata o concello de Oroso que e coñecida como da madeira que pase á Deputación. Sería unha boa contraprestación. Comenta o Sr. González Santos que fai tempo que xa fixemos esta petición.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que van a ir na mesma liña, non poden coller unhas rúas a cambio de nada. Teñen que defender os intereses dos veciños. Como se conseguiu facer coa permuta da estrada de Mercurín, que gañaron moito. O que lle trae aquí é un acordo cun contido baleiro que é moi negativo para os intereses dos veciños. Opina que a parte da rúa do recreo mentres non exista alternativa a parte do entronque do empalme ata a N550 non poden, nin deben asumila, rosalia de Castro e a que circula pola Calle en Poulo sería factible, pero a cambio de algo. Esa é a proposta que lle deixa enriba da mesa. Que se inste con estas dúas pero cunha permuta que sexa sempre vantaxosa para os intereses municipais, e en bo estado de conservación. Sírvelle como proposta a estrada de Olas, á que se poderían sumar todos, a cambio destes dous tramos urbanos. Asumen a titularidade dende Folgoso, despois dende Vilamaior. Se esa é a proposta a votarían xa hoxe, deixando fora o tramo da rúa do Recreo, por que é inasumible hoxe. Instar a que se cambie a titularidade destas vías a cambio das outras, incorporaría un plano ao respecto esperando que lles dean contestación se están interesados. Habería que analizar tamén as situacións de obras que teñen pendentes con eles que a día de hoxe aínda non executaron. Na rúa Rosalía de Castro teñen pendentes unha serie de repintados, actuacións que están sen facer.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que non teñen ningún inconvinte en aceptar esa proposta. Sempre teñen que defender aquilo que sexa máis vantaxoso para os nosos veciños. Eliminaríase a petición do tramo da rúa do Recreo, quedaríamos cos outros dos tramos, rúa Rosalía de Castro e en Poulo, tamén é fundamental. Engadiríamos a emenda de UxO, outra cousa é que a acepten. Sería moi vantaxoso para nos, non tanto para a outra parte.

Intervén a Sra. Castenda Blanco, en representación do grupo político BNG, que sinala que ven a contrapartida un pouco desorbitada, é moito tramo de estrada. Abstéñense neste punto.





## CONCELLO DE ORDES

---

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 15

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que é desorbitado como se mire, podemos pensar en tramos.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que sexa desvantaxoso, habería que votar as contas. O tramo que vai dende a Pinguela ao entronque coa ponte da autoestrada son moitos metros. Asumir un tramo de travesía urbana ten uns custes importantes. É cuestión de facer números. Ao mellor hai que deixalo sobre a mesa e facer unha proposta con máis contido.

Intervén o Sr. González Santos, que sinala que non é o mesmo a reparación dunha rúa urbana, que unha vía do rural. A Deputación está para axudar aos concellos, é algo que temos que pedir. Outra cousa é o que van a responder.

Intervén o Sr. Alcalde, que vista a situación, que non hai un criterio unánime, pídelle que o deixe sobre a mesa, para facer números e ten un plantexamento máis serio. Se non votarán en contra.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que para o próximo pleno ordinario se traia xa un estudo para ver que é o que podemos solicitar a cambio á Deputación Provincial para que isto se poida facer dunha forma relativamente rápida. O deixan sobre a mesa para que na Comisión do pleno que ven se estude.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que lle agradece que o deixe sobre a mesa. Pídelle que non lle traia este tipo de acordos sen que se teña un estudo máis pormenorizado do asunto. Por que non van a consensuar aquí nada

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que é aquí onde ten que traer aquí estas iniciativas e despois facer o debate que sexa necesario.

Por último, a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo mixto-PSdeG-PSOE, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“A lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, na súa exposición de motivos di que unha democracia non so debe ser entendida como mecanismo de elección de gobernos mediante sufraxio, senón como mecanismo de imperio da lei, coas debidas garantías e tutelas das liberdades e dos dereitos individuais dos cidadáns e cidadás. Neste sentido os mecanismos de transparencia e bo goberno funcionan como contrapesos que garantizan a protección da cidadanía fronte a hipotéticas arbitrariedades do poder público e o uso indebido do diñeiro ou do patrimonio público.

Na lei de contratos do sector público, o artigo 138 que se refire os procedementos de adjudicación establece que os contratos menores poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación.

Son contratos menores os contratos de importe inferior a 50.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 18.000 euros, cando se trate de outros contratos.



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 16

Recentemente na Deputación da Coruña votouse unha proposta que apostaba pola transparencia administrativa. Dita proposta foi presentada no pleno do organismo provincial por Marea Atlántica e apoiada polo Partido Popular.

Seguindo nesta liña dende a Agrupación Socialista de Ordes presentamos esta moción en aras a mellorar a transparencia no noso Concello.

As normas comúns a todos os contratos menores din que "A tramitación dun contrato menor inferior a 18.000 €, IVE excluído, se o órgano de contratación decidise publicar anuncios da convocatoria en diarios oficiais ou en prensa non se liquidará importe algún ao contratista adxudicatario polo reintegro de gastos de anuncios a cargo de contratistas".

Dende a Agrupación Socialista de Ordes o que pedimos é que, a maiores, "A tramitación dun contrato menor inferior a 18.000 euros, IVE excluído, deberá publicarse na páxina web do Concello de Ordes".

Dende a Agrupación Socialista de Ordes tamén solicitamos a inclusión dunha cláusula que sería:

Publicidade da adxudicación: "As adxudicacións de tódolos contratos menores, con independencia da súa contía e procedemento, deben publicarse na web do Concello de Ordes mensualmente".

Polo que, en condición de Voceira Municipal do PSdG-PSOE no Concello de Ordes somete a consideración do Pleno esta moción, para que este adopte o seguinte acordo de resolución instando ó Concello a:

A tramitación de gastos que pola súa contía deban considerarse contratos menores conforme ó disposto nos artigos 111 y 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, adecuaranse ás seguintes normas:

1.- A tramitación dun contrato menor inferior a 18.000 euros (IVA excluído) debe publicarse na páxina web do Concello de Ordes, no caso de que ademais o órgano de contratación decidise publicar anuncios da convocatoria en diarios oficiais ou en prensa, non se liquidará importe algún ó contratista adxudicatario polo concepto de reintegro de gastos de anuncios a cargo de contratistas.

2.- Publicidade da adxudicación. As adxudicacións de tódolos contratos menores, con independencia da súa contía e procedemento, deben publicarse na web do Concello de Ordes mensualmente".

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezasete votos a favor (7 grupo político PP, 6 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 17

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que sinala que analizando punto por punto, ven no primeiro un pequeno problema no día a día na xestión do concello. Considerar incluídos a todos os contratos inferiores a 18 mil euros sen marcar un mínimo para a súa publicación no perfil pode provocar unha ralentización, mesmo unha parálise no funcionamento diario do concello, ao final os principais damnificados van a ser os veciños. A pregunta que se fan é se ten sentido sacar a contratación subministro por importe de 100, 200 ou 300 euros. Algún empresario vai a perder tempo, que ao final é diñeiro, para presentar documentación para optar a un importe tan baixo. Mesmo pode darse a paradoxa de que o custe do tempo investido sexa superior ao custe do contrato. Ese contrato vai a ter que ser publicado durante un prazo determinado, pode darse a paradoxa que transcorrido ese prazo non haxa ningunha oferta. Consideran que para lograr un equilibrio entre a transparencia e axilidade na administración deben establecerse unha serie de orquillas segundo os tipos de contrato menor e establecer un mínimo que obrigue á publicación no perfil do contratante o expediente. A corrupción non se da nas pequenas compras do día a día, dáse na privatización dos servizos para entregarllos aos amigos ou na adxudicación de obras a empresas amigas para que despois contribúan a sufragar campaña electorais.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que todo o que sexa a transparencia na xestión é importante. Habería que buscar un equilibrio para que non haxa esa ralentización. Están a favor do que sexa mellorar a transparencia de todos os contratos do concello.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que van a votar en contra pola simple aplicación da lei. Por moito que haxa un grupo que nos inste, a lei esta por riba de todo isto. A competencia para estas contratación é exclusiva do Alcalde ou da Xunta de Goberno Local por delegación. No primeiro punto fala da tramitación de contratos inferiores 18 mil euros, que pasa cos de 18 a 50 mil euros, tamén son contratos menores. Non trae todos os tramos. Os contratos menores poden ser de obras, servizos e subministros. Os de obras son ata 50 mil euros. O párrafo está incompleto. A lei non o esixe. Aínda que adopten un acordo, a lei esta por encima. Non teñen obriga. Para o debate político está moi ben. Va a seguir sendo escrupulosos con todos os procedementos de contratación como veñen facendo ata o día de hoxe. Levan dos expedientes de contratación que foron moi beneficiosos para o concello de Ordes. Non van a entrar neste xogo. Con respecto á segunda parte publicidade da adxudicación. Na nova páxina web, aínda que non está operativo nesa parte van a subirse todas as Xuntas de Goberno Local, calquera veciño van poder ver a información desas actas de XGL. O pleno non ten competencia para este acordo de resolución, pode manter o texto, modificalo. Van a cumprir coa lei que lles permite facer este tipo de contratos. Non se pode colapsar a administración municipal. Gustaríalle que aclarase o que aconteceu na Deputación Provincial, alí houbo un malentendido cunha votación, que levou a unha emenda e tres semanas despois se emendou e volveuse á situación anterior. Na Deputación o único que acordaron foi unha emenda que foi confusa e que tiveron que subsanar con posterioridade. Nos concellos nos que gobernan, tamén o BNG, o que teñen é que debese á lei. Se quere fiscalizar calquera desas contratacións ten vostede a Secretaría e a Intervención.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.



## CONCELLO DE ORDES

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 18

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que están de acordo en chegar a un equilibrio entre a transparencia e a axilidade. En canto ao punto dous non ten por que votar en contra, se van a publicar os acordos de XGL xa se vai a dar cumprimento á publicidade da adxudicación de todos os contratos menores que con independencia da súa contía e procedemento se publiquen na web mensualmente. Pode entender a observación ao punto un por que pode causar problemas de axilidade. Non entende o por que do segundo punto. Non é a súa intención fiscalizar as contratacións, senón que estea a información a disposición de todos os veciños, e o que piden.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que sinala que hai que buscar unhas orquillas por que é o mesmo que se fixo na emenda da Deputación, na que se fixo unha proposta de redacción da base de execución 28 para o orzamento 2016 no sentido do que eles falan para obrigar a publicar no perfil do contratante e evitar esa parálise que antes comentaban. Tal e como esta redactado o acordo non o poden apoiar. Se son unha forza política seria, coherente e responsable votan o mesmo en Madrid, na Deputación e no Concello de Ordes. No seu momento os compañeiros do BNG votaron na Deputación en contra de aquela proposta nun principio aprobada en parte por Marea e o PP, van a seguir co mesmo sentido do voto.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que lle pide á voceira do PSOE se o pleno non ten competencia, deixalo sobre a mesa e facer unha proposta de cifras máis axustada para non ralentizar a administración.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que nin máis nin menos axustada, poden facer a proposta que queiran. A competencia en materia de contratación a fixa a lei e non vamos a cambiala por que vostedes a acorden dunha maneira distinta. Se a quere retirar retírea. Non fai falta que faga un novo debate. Se a quere votar a votan. Non se opón ao segundo punto, como non se opuxo ás axudas para o deporte, aínda que non ten orzamentos vai a tratar de que poidan concederse. Non é necesario votala por que xa o van a cumprir, xa o van a facer.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que iso é o que lle piden dende o PSOE, a máxima transparencia, se se vai a publicar na páxina web municipal benvido sexa que é o que solicitan.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o punto primeiro non hai obriga de cumprilo, o punto segundo xa lle di que o van a cumprir, xa tiñan intención de facelo, non por que vostede llo traía hoxe aquí.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que propón retirar o punto primeiro, e votar o punto segundo. Que haxa un acordo de que efectivamente se vai a cumprir.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o que van a publicar é as actas das Xuntas de Goberno Local, poden instar o que queiran.

Intervén o Sr. Secretario, que informa que nos acordos da Xunta de Goberno Local hai un punto de aprobación de facturas, nas que van incluídas as de contrato menor, como as que non son de contrato menor.



## CONCELLO DE ORDES

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 19

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que propón retirar o punto primeiro, e votar o punto segundo.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dez votos a favor (5 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), cos votos en contra (7 grupo político PP), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

A tramitación de gastos que pola súa contía deban considerarse contratos menores conforme ó disposto nos artigos 111 y 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, adecuaranse ás seguintes normas:

Publicidade da adxudicación. As adxudicacións de tódolos contratos menores, con independencia da súa contía e procedemento, deben publicarse na web do Concello de Ordes mensualmente.

Intervén, o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“No Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado inicialmente o mes de marzo, recóllese o trazado da circunvalación a Ordes, segundo o proxecto elaborado polo Ministerio de Fomento. Desde o BNG de Ordes opinamos que existen varios erros que deben ser reconsiderados.

Non se prevé un enlace coa estrada DP-3802 Ordes-Pontecarreira. O viario si que prevé unha conexión coa AC-524 Ordes-Lanza, pero esquécese por completo desta vía que consideramos importante e permitiría o acceso rápido á circunvalación da veciñanza da zona.

Unha das estradas principais da parroquia de Pereira, que comunica a parroquia coa N550 (xunto ao Bar Orense), vese atravesada por esta infraestrutura sen prever un paso, como acontece noutras zonas. E especialmente grave que nos documentos do Plan Xeral de Ordenación Municipal se prevea unha distancia entre aliñacións de 10 m nesta estrada e logo morra contra a circunvalación, provocando dificultades na comunicación viaria da parroquia.

E polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1. O concello de Ordes insta ao Ministerio de Fomento a revisar o proxecto para a circunvalación a Ordes, buscando:
  - Crear un enlace da circunvalación a Ordes coa estrada DP-3802 Ordes-Pontecarreira.
  - Prever un paso pola circunvalación na estrada que comunica o núcleo de Eirexe coa N550, por tratarse dunha das estradas principais da parroquia.
2. Unha vez corrixidas estas deficiencias, serán incluídas nos documentos que conforman o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ordes”.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 20

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezasete votos a favor (7 grupo político PP, 6 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que tal é como manifestaron no pleno de aprobación do PXOM este é un documento fundamental, polo que entendían que un documento de tal importancia non podía ser aprobado ás presas, podendo caer na aprobación dun documento con erros de difícil ou imposible solución. Por iso se con esta moción van a poder subsanar algunha deficiencia o seu voto vai a ser a favor, sería unha falta de coherencia non subsanar este erro.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que están a favor de subsanar este erro.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non temos un erro, temos un problema grave. Levamos xa meses de reunións co Ministerio de Fomento. Xa fai meses que o compañeiro José Manuel me comentaba esta problemática. Xa viviu esta situación no ano 2010. O Ministerio de Fomento esta a traballar nese proxecto de avance de trazado que é o que esta incorporado no documento do PXOM. Esta totalmente de acordo co que aquí se plantexa e a ver como o podemos completar, xa lle di que a solución é practicamente imposible ou moi difícil. Teñen que facer o posible para tratar de buscar unha solución para darlle unha regularidade ás vías de comunicación preexistentes a unha estrada tan importante como é a que comunica Ordes con Pontecarreira, se ten unha mínima posibilidade de comunicación con esta variante da N550 temos que loitar por ela. Ese viaduto vai 12,53 m máis alto que a estrada polo que hai un problema moi importante para facer o entronque. No seu día os veciños de Poulo xa fixeron no ano 2008 unha alegación ao estudo informativo para as alternativas 2 e 3 que confluían nesa zona, a alternativa 1 ía pola parte oeste da N550, que foi ratificada no BOE no ano 2010, sendo a alternativa 3 a seleccionada para facer a variante de Ordes e que xa esta dotada cun orzamento de 42 millóns de euros, máis iva. A solución de buscar un entronque hai que alonxalo ata a zona da parroquia de Pereira e despois ir buscar o entronque co cruce que ven dende Calle ao Carballo, o problema é que todos eses terreos son brañas e esixe facer toda a obra en viaduto, por que o recheo e facelo sostible custa máis que o viaduto en si. Non sería asumible nestes momentos pola actuación proxectada e aprobada. Hai que velar por isto, pídelles que se fale de crear un vial de circulación a altura do viaduto de Agra de Vello no entronque de Ordes coa estrada DP3802 e aclarar que é o pq 6+600. Con respecto á segunda parte esa é so unha cuestión de que adopten como positiva o que vostede di. Aí a rasante vai 4,65 m máis baixa co que é a estrada actual. Hai que facer unha nova infraestrutura a maiores, un paso elevado. O texto debería ser prever un paso superior pola circunvalación da estrada que comunica o núcleo de Eirexe coa N550 por tratarse dunha das estradas principais da parroquia, pq 8+220. Van a sumarse a esta petición. O punto primeiro é difícil. A segundo é so a dotación para facer un paso superior. Se ten a ven engadir eses puntos, o enviamos, vemos como informan o PXOM, e que respontan nos dan a curto prazo.





## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 21

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que estes erros non se cometen no PXOM, senón nun proxecto que ten o Ministerio de Fomento que foi incluído no propio plan, os erros son do proxecto. A circunvalación non ten nada que ver coas presas. Están de acordo con que se aclare a redacción, solucionar esta problemática, mellorar esta infraestrutura se é que algún día se chega a executar. Máis lóxico que facer a circunvalación igual era liberar o peaxe da AP9. Esta é unha infraestrutura que esta prevista, se se chega a executar liberaría moito o tránsito da circulación da N550 por Ordes, reducindo o tempo de viaxe.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezasete votos a favor (7 grupo político PP, 6 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1. O concello de Ordes insta ao Ministerio de Fomento a revisar o proxecto para a circunvalación a Ordes, buscando:
  - Crear un vial de circulación a altura do viaduto de Agra de Vello no entronque de Ordes coa estrada DP3802 (pq 6+600).
  - Prever un paso superior pola circunvalación da estrada que comunica o núcleo de Eirexe coa N550 por tratarse dunha das estradas principais da parroquia (pq 8+220).
2. Unha vez corrixidas estas deficiencias, serán incluídas nos documentos que conforman o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ordes.

Intervén, o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“Simplemente con dar un paseo polas rúas da vila, pódese apreciar como en cada unha das mesmas sempre te podes atopar con varios casos de dubidosa estética ou conservación (fachadas de baixos a ladrillo, peches de parcela e galpóns con bloque de formigón visto en moitos casos cheos de roña, etc). Todo isto acontece a pesares de dispor desde o ano 2008 dunha ordenanza sobre a conservación de edificacións e solares.

Ás veces simplemente cunha pequena man de pintura, melloraríase moito a imaxe do rueiro da vila, mesmo unha solución bastante económica sería que os propietarios ou propietarias cedesen esas superficies ao Desordes Creativas, facilitando deste xeito a celebración deste evento, que fixo de Ordes un referente na materia.

Así mesmo, o concello de Ordes debe dar exemplo nas obras que executa, non pode volver a acontecer que constrúa un peche a bloque visto, como fixo no pavillón Campomaioir ou na rúa República Arxentina, por poñer algún exemplo.



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 22

Tamén é importante instar ás empresas, neste caso de telefonía, a manter axeitadamente as súas instalacións. Telefónica dispón dunha cabina no encontro da rúa Rosalía de Castro coa rúa dos Lagartos, que se atopa fora de servizo desde fai bastante tempo e presenta un aspecto lamentable e ruín, ocupando inutilmente a vía pública.

Outro dos aspectos que inflúen de maneira importante no impacto visual son os contedores do lixo. É sangrante en moitos casos que desde as administracións se esixan interminables procedementos burocráticos e determinadas condicións cando un particular quere levar a cabo unha obra en zonas protexidas, como pode ser nas inmediacións do camiño de Santiago, e logo existan na zona os típicos contedores cheos de roña e que para nada se integran na zona. Nas rúas da vila debería apostarse por ir pouco a pouco ampliando o sistema de contedores soterrados, na contorna do parque, do campo da feira ou mesmo do campo de fútbol, é fácil poder levalo a cabo.

E polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

- O pleno do concello de Ordes insta ao goberno municipal a que leve a cabo unha campaña de sensibilización sobre o respecto ao ornato público e informativa da ordenanza sobre a conservación de edificacións e solares. Como solución económica de cara a propiedade, pódese propoñer a cesión de fachadas de baixos ou peches ao Desordes Creativas.
- O concello de Ordes dará exemplo nas obras que leve a cabo, coidando o aspecto exterior das construcións, evitando especialmente o acabado en fábrica vista.
- O pleno do concello de Ordes insta ao Alcalde a que obrigue a Telefónica a manter nunhas axeitadas condicións de estética a cabina existente no encontro da rúa Rosalía de Castro coa rúa dos Lagartos, ou ben a retirada da mesma.
- O concello de Ordes estenderá paulatinamente polo ruelleiro da vila o sistema de recollida de lixo mediante contedores soterrados, semellantes aos existentes na Alameda de Ordes.
- O concello de Ordes deberá integrar no medio os contedores de recollida de lixo, especialmente os existentes en zonas protexidas, como o percorrido do camiño Inglés. Paulatinamente irá ocultando os contedores con sistemas semellantes aos propostos no anexo a esta moción”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezasete votos a favor (7 grupo político PP, 6 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 23

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que están de acordo co contido da moción .

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que tamén están de acordo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que están de acordo, ten que ser paulatino, hai moitas cousas que son de necesidade. Farán as campañas de sensibilización que se mencionan.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezasete votos a favor (7 grupo político PP, 6 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

- O pleno do concello de Ordes insta ao goberno municipal a que leve a cabo unha campaña de sensibilización sobre o respecto ao ornato público e informativa da ordenanza sobre a conservación de edificacións e solares. Como solución económica de cara a propiedade, pódese propoñer a cesión de fachadas de baixos ou peches ao Desordes Creativas.
- O concello de Ordes dará exemplo nas obras que leve a cabo, coidando o aspecto exterior das construcións, evitando especialmente o acabado en fábrica vista.
- O pleno do concello de Ordes insta ao Alcalde a que obrigue a Telefónica a manter nunhas axeitadas condicións de estética a cabina existente no encontro da rúa Rosalía de Castro coa rúa dos Lagartos, ou ben a retirada da mesma.
- O concello de Ordes estenderá paulatinamente polo rueiro da vila o sistema de recollida de lixo mediante contedores soterrados, semellantes aos existentes na Alameda de Ordes.
- O concello de Ordes deberá integrar no medio os contedores de recollida de lixo, especialmente os existentes en zonas protexidas, como o percorrido do camiño Inglés. Paulatinamente irá ocultando os contedores con sistemas semellantes aos propostos no anexo a esta moción.

### **PUNTO NOVENO: ROGOS E PREGUNTAS.**

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA N° 24

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo mixto-PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- No Paraíso, na rúa García Gerpe, hai varios postes de luz e de teléfono que están en moi malas condicións de conservación e estética, tal e como amosan as fotos, ocupando a totalidade ou parte do arcén. Esta situación resulta perigosa posto que os peóns teñen que circular pola estrada, tendo un arcén amplo.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ao Concello de Ordes a que informe a Unión Fenosa e a Telefónica da situación na que se atopan estes postes para que os recoloquen sen que ocupen todo o arcén e melloren a súa estética e conservación.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que estes postes xa foron vistos nunha visita do delegado a Ordes, ao igual que na senda de Poulo. De momento non van a actuar. A actuación inicial vai a ser na senda de Poulo, que ten prioridade. Van a tratar de negociar que de antemán desprazalos e que despois eles nos fagan a actuación. Isto ven derivado dunha apertura nesta rúa, que non se fixo a actuación no seu día. Van a facer a instancia. O compromiso inicial que hai é que se faga a actuación na senda e despois unha actuación como esta. Non se poderá acometer a curto prazo. Xa o coñecen. Faráselle chegar a Fenosa.

- No lugar do Ceidón un dos viais que comunica a urbanización está moi deteriorado, imposibilitando a circulación polo mesmo sen provocar danos materiais nos vehículos. A vía está en moi mal estado de conservación, tal e como amosan as fotos.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ao Concello de Ordes a que repare este vial de xeito que a solución sexa duradeira e se poda manter en boas condicións a longo prazo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que este vial de momento non é noso, pertence a AC524. Si quere que instemos á Xunta de Galicia mentres non asumamos a titularidade, esta na permuta. Para actuar teríamos que esperar dous meses. A actuación se temos que acometer nos habería que incluíla no POS do ano que ven, poden facer un rebacheo. Agora mesmo non van a facer outra actuación.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, que sinala que o importante é que se solucione, un ano máis non pode estar. Cando se asuma a titularidade insta a que se proceda de inmediato.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que para que a solución sexa duradeira a longo prazo habería que incluíla nun POS. Non facer un simple rebacheo. A actuación non a poden facer,



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 25

non se vai a comprometer a facela. O rebacheo cando teñan a titularidade si, pero entón non é este rogo e outro distinto.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, que sinala que o importante é que se solucione, a situación é a que é. Fágao da forma que o considere para darlle unha solución o máis rápida posible.

Intervén o Sr. Alcalde, que si cambia o rogo, llo toma en consideración.

- Na intersección entre a rúa do Recreo (DP-5903) e a rúa Víctor González Faya había pintada unha cuadrícula deliñas amarelas que agora non se ve. Esta cuadrícula era moi útil posto que recordaba ós condutores a prohibición de entrar na intersección se había risco de quedar detidos nela e obstaculizar a circulación. Con esta sinalización o que se evitaban eran numerosos atascos nesta zona, unha das máis transitadas do pobo.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instar ó Concello de Ordes a que solicite á Deputación Provincial da Coruña o repintado da cuadrícula de liñas amarelas na intersección entre a rúa do Recreo e a rúa Víctor González Faya.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o toma en consideración.

- Dende a Agrupación Socialista de Ordes levamos dous meses traendo a pleno un problema grave coa fonte de Esmorís, en Buscás, xa que leva moitos meses sen botar auga provocando un grave prexuízo para os numerosos veciños e veciñas que a empregaban.

A semana pasada retirouse a pasarela de madeira que da acceso a dita fonte, tal e como amosan as fotos, polo que entendemos que se van a poñer en marcha obras para restablecer o seu normal funcionamento.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ao Concello de Ordes a que explique qué obras se están ou se van a levar a cabo nesta fonte e cando poderá restablecerse o normal funcionamento da mesma.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a fonte non é nosa, é unha concesión. A pasarela si que colocou o concello no seu día, a máquina non podía acceder coa pasarela alí colocada. O que lle pediron é que antes de comezar as obras que se retirase para poder acceder. A día de hoxe están traballando, fixeron o molde para o depósito, o colocarán e restableceríase a fonte, máximo unha semana. Levamos así tres meses, non depende do concello, non é de titularidade do concello. O aproveitamento desa auga é unha concesión.



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 26

- No pleno do mes de novembro pasado dende a Agrupación Socialista de Ordes trouxemos un rogo no que instábamnos ó Concello a tomar algunha medida para evitar o impacto dos balóns no edificio que é colindante ó Parque Herminio Rial, no Piñeiro. No pasado pleno de abril volvemos a preguntar por este tema e se nos informou de que se procedería á instalación dun cartel indicativo da prohibición de tirar balóns contra a parede do edificio. Sen embargo, dito cartel aínda non está instalado.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ao Concello de Ordes a que actúe de inmediato e proceda á instalación do solicitado cartel.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que ao longo do próximo mes. É unha actuación comprometida e hai que facela.

- No pasado pleno do mes de marzo trouxemos un rogo para solicitar a retirada de varios electrodomésticos que levaban tirados na rúa Pascual Veiga, no Paraíso, varias semanas. Volvemos a ver como volve a haber electrodomésticos alí tirados de novo, tal e como amosa a foto.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instar ao Concello de Ordes a que actúe de inmediato procedendo á súa retirada para evitar estas agresións medioambientais e realizar as tarefas de vixilancia, mantemento, limpeza, control ou sanción que sexan necesarias.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que coa recollida de voluminosos o vindeiro luns, foron depositados con anterioridade. Se se fai unha recollida fora do horario é un gasto a maiores.

- A pista que vai da Espenica a Pereira, sobre todo polo lado da ponte do río Cabrón, está toda desfeita debido ó paso de tractores que estiveron sacando madeira.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ó Concello de Ordes a que repare esta pista de xeito que a solución sexa duradeira e se poda manter en boas condicións a longo prazo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o concello non o vai a facer. Puxéronse en contacto co madeirista que fixo alí a actuación cando a estaba facendo. Xa comezou onte a arranxala,





## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 27

dixo que esta semana quedará arranxada. Quedará lista con cachote e zahorra. A policía local informará que queda con condicións idóneas.

- No pleno do mes de marzo dende a Agrupación Socialista de Ordes solicitamos que na Rúa Víctor González Faya, no seu lado esquerdo cara ó bar Ché, se pintasen prazas de aparcadoiro e á altura do Centro de Día e da Residencia de Maiores se pintasen, alomenos, dúas prazas para minusválidos xa que é preciso eliminar todos aqueles obstáculos que impidan ás persoas con discapacidade sentirse plenamente integradas na sociedade en igualdade de condicións e oportunidades.

Vemos como en fronte do Centro de Día non se pintou a demandada praza.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instar ao Concello de Ordes a que proceda ó pintado da citada praza de aparcadoiro diante do Centro de Día, nesa marxe da Rúa Víctor González Faya.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non se fixo por unha cuestión de seguridade. Plantexóuselle á xente de pintura. Na zona da Residencia hai un paso de peóns que posibilita xerar unha zona de seguridade para que unha persoa de mobilidade reducida poida baixar do coche á beirarrúa. Diante do Centro de Día non sucede iso. Hai contedores que dificultan a visibilidade, despois tería que recorrer parte da rúa contramán antes de poder incorporarse ao centro. Insistiron en que esa praza non cumpriría a normativa e sería perigosa. Non se procedeu ao pintado por normativa.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, que sinala se se podería valorar a alternativa de pintar dúas diante da Residencia da 3ª Idade.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que so colle unha. Poden velo, pero vai a entorpecerse a entrada. Por que dúas se esta baleira todos os días. Pode comprobar a resposta que lle deron.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que ao mellor para solucionar o problema podería cambiarse o estacionamento todo para aquel lado.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se eliminarían moitas prazas de estacionamento por que o que fan é chegar, parar, deixar a xente e continuar. Se se permite a utilización so para a residencia vamos a quedarnos sen prazas en toda esa liña. Non poden pintar unha praza para minusválidos que sexa perigosa. A solución alternativa cree que é máis problemática. Poden analizala máis adiante se trae unha proposta alternativa.

- Dende a estrada de Barbeiros ó Peñasco, na marxe dereita hai unha pista que vai cara ó Pedrouzo e Fondo de Vila (Concello de Frades).

Nun tempo pasado había unha ponte que permitía atravesar este río que divide o Concello de Ordes e o de Frades. Na actualidade, ante a falta desa ponte os veciños e



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 28

veciñas de ambos Concellos teñen que circular pola estrada AC-524 (Ordes-Pontecarreira), poñendo en risco a súa seguridade e a dos demais condutores.

A construción da mencionada ponte dende a estrada de Barbeiros ó Pedrouzo e a Fondo de Vila permitiría comunicar terreos pertencentes ó Concello de Frades e o de Ordes, supoñendo claras vantaxes para os veciños e veciñas do noso Concello, pero tamén para os veciños e veciñas de Frades, que teñen terreos no termo municipal de Ordes.

Polo que entendemos que ambos Concellos deben chegar a un acordo para proceder á construción da citada ponte tan necesaria e pedida polos veciños e veciñas de ámbalas dúas parroquias, Barbeiros e Abellá.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ao Concello de Ordes a que atenda as peticións dos veciños e veciñas de Barbeiros que teñen as fincas no Concello de Frades procedendo á construción dunha ponte na cal podería implicar ó Concello de Frades para sufragar parte de dita inversión, xa que a construción desta ponte suporá claras vantaxes para os veciños e veciñas de ambos Concellos.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa se presentou un proxecto para facer esta actuación, 50 mil euros. O concello de Frades de inicio non ten intención de facer un investimento na súa metade. O que se necesita é que nos traia os cartos e fan a ponte. O proxecto axústase ao caudal de auga definido por Augas de Galicia, non pode cambiarse.

Intervén o Sr. González Santos, que sinala que o proxecto se fixo segundo a indicación de Augas de Galicia, se se modifica é necesario unha nova autorización.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, que pregunta se para o Alcalde esta non é unha actuación prioritaria.

Intervén o Sr. Alcalde, que responde que non. Temos outras pontes en vías con moita máis circulación que houbo que cortar ao tráfico e nas cales si que temos que actuar. Consiga financiación e miran de facela.

Intervén o Sr. González Santos, que sinala que nesta ponte hai moita circulación de tractores.

Intervén a Sra. Castenda Blanco, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Como se pode apreciar nas fotos, toda a zona ao longo do río pola parte de atrás de Víctor González Faya na antiga zona do matadeiro, presenta un estado de abandono con moita maleza, cubrindo incluso na parte onde están as escaleiras que baixan cara alí os aparellos de ximnasia así como os bancos que alí se instalaron.



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 29

Na súa condición de representante municipal do BNG no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

A que se proceda de xeito inmediato, á limpeza da maleza da zona do río detrás de Víctor González Faya así coma na zona do antigo matadeiro e se proceda tamén á limpeza das escaleiras que baixan cara dita zona.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que agarda que na próxima semana se poida facer. Estanse acometendo outras actuacións, esta na previsión da cuadrilla, ten moita falta.

- A veciñanza da parroquia de Beán está molesta debido á parálise da posta en funcionamento do punto de carga de cisternas. A pesar de estar executado hai tempo o vaso contedor da auga cunha capacidade aproximada de 33.000 litros, aínda non se executou a día de hoxe a canle para dotar de auga dito punto.

Cabe destacar que no seu día a veciñanza de Beán recibiu o compromiso do concello de Ordes de crear este punto de carga de cisternas a cambio de permitir penetrar unha masa común a unha coñecida empresa de áridos.

Na súa condición de representante municipal do BNG no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

A que se proceda a levar a cabo as actuacións precisas para dotar de auga o punto de carga de cisternas de Beán.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se necesita que se ceda ao concello en propiedade a finca na que se fixo a actuación par a que non había autorización de Augas de Galicia. Se fixo unha conexión de auga no seu día ocupando unha propiedade privada. Coñecen a situación. O que se fixo foi unha charca, o veciño non estaba de acordo e pediu que se repuxese ao estado orixinario. Xa informou aos veciños que hai que facer a tramitación legal, non se vai arriscar a que Augas de Galicia non o autorice. Van a solicitar autorización, facer unha pequena memoria para a actuación. Espera que o Agader, a Consellería do Medio Rural poida facer un anticipo. A concentración de Beán-Pereira ten os títulos máis retrasados para que esta poida pasar a titularidade municipal. Esta foi unha obra de carácter electoral, pagada por unha empresa que fixo unha extracción de áridos na que interveu o anterior goberno municipal.

- Hai varios días estivemos con veciños da parroquia de Beán, os cales nos comentaron que dende fai unha tempada hai unhas serie de goteiras no local social xusto encima das escaleiras que van á primeira pranta.

Na súa condición de representante municipal do BNG no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

A que se proceda de xeito inmediato, á reparación da zona do tellado afectada para solventar este problema.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 30

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que aquí non se puido actuar polo tipo de cuberta e estrutura. Están esperando a que mellore o tempo, ao final desta semana farán a reparación.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula o rogo seguinte:

- O proxecto para o acondicionamento e a adición dun ximnasio no pavillón Campomaior, non prevé un sistema de renovación de aire. Se non se corrixe esta carencia, vanse repetir os problemas que existiron no ximnasio da piscina climatizada Iván Raña, onde a ausencia dun sistema de renovación de aire fixo que a condensación dificultase a práctica das actividades que alí se impartían.

Na súa condición de voceiro municipal do BNG no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

A que se proceda á reformulación do proxecto para incluír na zona do ximnasio un sistema de renovación de aire.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o proxecto ten tres eivas importantes. Nesta non había pensado. Non é posible a reformulación do proxecto por que xa esta a contratación iniciada. Vamos a ver as baixas que temos e as posibilidades de modificación que permiten os pregos para corrixir estas eivas sen saltarse a esencia principal do proxecto e evitar ter que facer un proxecto modificado. Senón quedará prevista para acometela a posteriori ao menor custe posible. O ximnasio é para facer actividades polo centro educativo e actividades municipais. Non vai a ser un ximnasio propiamente dito. Tratarán de adecuar o sistema de calefacción.

Intervén a Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Moitas das pistas da Concentración Parcelaria Lesta – Mercurín, atópanse invadidas pola maleza, chegando mesmo a dificultar o tránsito por elas ós veciños.

Non debemos de esquecer, que a piques de entrar en época de risco de incendios forestais, esta situación pode contribuír á propagación do lume e impedir a súa extinción.

Na súa condición de representante municipal do BNG no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Se leve a cabo o desbroce das marxes de ditas pistas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a toma de posesión é inminente, o compromiso é do mes de xullo. A partir de aí hai unha fase de toma de posesión. Compre agardar a que esas actuacións as faga a Consellería do Medio Rural.



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 31

- No lugar de Vilasenín, o espello que fornece de visibilidade para poder saír á estrada de Cerceda, atópase en mal estado, non cumprindo adecuadamente coa súa función.

Na súa condición de representante municipal do BNG no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Se coloque un espello en condicións óptimas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que agarda que nesta semana estea colocado.

- Na parroquia de Vilamaior, moi preto da Capela do Socorro e ó carón da pista da concentración parcelaria, recentemente apareceron unha gran cantidade de refugallos domésticos.

Na súa condición de representante municipal do BNG no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Se proceda á retirada dos refugallos para darlles o tratamento axeitado.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se dará traslado á empresa xestora.

- A estrada que comunica o Peñasco con Olas, e que atravesa a parroquia de Vilamaior, conta con importantes desniveis nas súas marxes, sen que estas se atopen correctamente sinalizadas para deste xeito evitar as saídas de vías (como xa se teñen producido recentemente).

Ademáis tendo en conta a gran cantidade de paradas de autobús existentes en dita estrada, xunto coa excesiva velocidade e falla de visibilidade en algúns tramos, provoca situacións de perigo para os peóns.

Hai que destacar a elevada densidade de tráfico que posúe dita estrada, fundamentalmente durante a semana.

Na súa condición de representante municipal do BNG no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Se proceda á protección dos desniveis, ou cando menos á súa sinalización.

Se executen accións encamiñadas á mellora da seguridade vial en dita estrada.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa fixeron o proxecto da obra, son 86 mil euros para resolver esta ponte. Xa que a ponte de Pereira a vai a executar a Consellería do Medio Rural. O 13 de maio solicitouse unha axuda á Deputación para acometer esta obra nesta anualidade que si considera máis prioritaria que a actuación no río de Buxán en zonas de concentración parcelaria



## **CONCELLO DE ORDES**

---

**(A CORUÑA)**

**FOLLA Nº 32**

por que estamos a falar dunha pista con elevado tránsito. Agarda que esta axuda se conceda e que se poida acometer esta obra durante este verán. Xa están tramitando a autorización de Augas de Galicia. Van pedir unhas sinais de escalón lateral, de perigo de desprendemento para a súa colocación despois da curva ou a altura do radio de xiro da curva, onde sexan visibles, en ambos lados.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás vinte e dúas horas e vinte e sete minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

**O ALCALDE**

**O SECRETARIO**